

**INFORME  
DE ACTIVIDADE  
08 – 09**

centro  
coreográfico  
galego

XUNTA DE GALICIA

# CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Centro Coreográfico Galego  
Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais)  
Consellería de Cultura e Turismo  
Xunta de Galicia

Polideportivo de Elviña  
Avda. de Glasgow, nº 11  
15008 - A Coruña  
Tfno. 981 134 946  
Fax. 981 138 294  
[www.centrocoreografico.org](http://www.centrocoreografico.org)  
[www.agadic.info](http://www.agadic.info)



centro  
coreográfico  
galego

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais



XACOBEO 2010  
Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



## Informe de actividade 08 - 09

### Fotografía

Andreas Pfiffner (páxs. 1, 12, 16, 18)

Antonia Peña (páxs. 4, 5, 14, 20, 21, 23, 25)

Begoña Bah (páxs. 8, 30, 32, 34)

Cía. Entremans (páx. 35)

Iria Naya (páx. 27)

Joaquín Jara (páx. 46)

Kirenia Martínez (páx. 27)

Lucía Veiga (páxs. 2, 3)

Marcos Pereiro (páx. 46)

Ovidio Aldegunde (páxs. 30, 38, 39)

Pilar Peña (páxs. 28, 42, 46, 48, 50, 52, 53, 55, 56, 57, 61, 64, 67, 68, 72, 97, 130)

Sysvisions (páx. 36)

Víctor Sariego (páx. 40)

### Deseño e maquetación

Idear comunicación visual

O Centro Coreográfico Galego, pertencente á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e adscrito á Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais), creouse coa finalidade de apoiar e difundir a danza e as artes escénicas en movemento, fomentando a creación e a investigación.

Comezamos en xuño de 2006 como un proxecto global, poñendo en marcha unha rede de accións encamiñadas a desenvolver a danza e as artes do movemento en Galicia. A colaboración con entidades e estruturas tanto da nosa comunidade coma do exterior fixo do CCG unha realidade descentralizada e aberta. Hoxe seguimos confiando nesta fórmula, que nos permite fomentar a interacción entre os artistas e o público, achegando a arte á cidadanía dun xeito normalizado e propiciando o intercambio entre profesionais. Queremos tender pontes e establecer canles de cooperación con outras comunidades e países, abrindo novos espazos para a danza.

Nesta xa terceira temporada, o CCG seguiu traballando na consolidación das súas principais liñas de traballo: o apoio á creación, a través dos proxectos de produción propia, coprodución ou o programa *Artistas en residencia*, e a formación, coa organización e promoción de accións formativas orientadas tanto aos profesionais da danza como ao público en xeral.

*Giseliña*, unha libre adaptación de *Giselle*, dirixida polo coreógrafo Cisco Aznar e estreada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña o 7 de marzo de 2009, foi a produción da temporada 08-09 do CCG, que contou coa

colaboración do Centro Párraga de Murcia e La Laboral de Xixón. Este último espazo, que dirixe Mateo Feijóo, continuou así a súa colaboración co centro, que iniciara na temporada pasada coa peza *Kiosco das almas perdidas*, dirixida por Roberto Oliván.

No programa de coproducións foron dous os proxectos profesionais apoiados polo CCG: *Concerto Desconcerto*, coa compañía Entremans, e *Ovay*, con Quique Peón. Ademais da contribución económica, o CCG deu apoio a cada coprodución, acompañándoas nos procesos de produción, planificación e creación. O apoio á creación completouse co programa *Artistas en residencia*, que contou con oito proxectos a partir de xaneiro de 2009, ofrecéndolles aos artistas un espazo para a experimentación e a investigación de novas propostas artísticas.

Ademais da liña de apoio á creación, o CCG desenvolveu unha sólida proposta formativa dirixida tanto aos profesionais das artes do movemento como á cidadanía. A oferta cubriu distintos ámbitos e constou de cursos de produción, de danza contemporánea, de achegamento ás distintas linguaxes artísticas, etc.

Nesta temporada quixemos continuar traballando con intensidade nas distintas liñas que fomos creando ao longo destes anos e que, hoxe en día, constitúen unha rede de accións encamiñadas a reforzar a danza en Galicia. Actividades e accións que pretendemos reflectir polo miúdo neste informe de actividades 2008-2009.



## índice

Presentación	[6]
Organización ejecutiva	[10]
Producción propia	[13]
Coproductions	[31]
Artistas en residencia	[41]
Formación	[49]
Colección editorial	[90]
Colaboraciones	[92]
CCG en cifras	[95]
Cronología	[97]

## Organización executiva na temporada 08-09

directora	Natalia Balseiro
encargada xeral	Sabela Pernas
xefes de produción	Marcos Viéitez Víctor López
formación	Maruxa Salas
asesora pedagóxica	Cristina López
axudante de produción	María Casar
auxiliar de produción	Marta Barrecheguren
secretaria de dirección	María Luisa Vilariño
documentación	Pilar Peña
profesoras de danza	Beatriz Ponlla Belén Vázquez
auxiliar de son	Hugo Peñamaría
técnico de maquinaria	Jesús Rodríguez
xastras	Milagros Reimúndez Cristina Cordido

músicos	Carlos Taboada Carlos Rilo José Ramón Bugliot Xosé Lois Romero Suso Vaamonde
pianista	Roberto Beceiro
asesora xurídica	Pilar Rodríguez
administración	Rosa Picos
prensa	Ana Rosales Ana Miragaya Fátima Rodríguez



## PRODUCCIÓN PROPIA - GISELIÑA

Un total de 13 bailaríns, seleccionados polo coreógrafo Cisco Aznar nunha audición pública internacional, executan esta peza de 75 minutos inspirada no ballet clásico *Giselle*. Na obra, dunha gran plasticidade, participaron como asistentes de Luis Lara na creación das máscaras e do vestiario tres alumnos da escola de Artes Mestre Mateo a través dun convenio asinado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dende o comezo do proceso de creación organizáronse ensaios abertos e accións formativas para profesionais e públicos co obxectivo de achegar a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía e contribuír á formación dos profesionais da danza residentes en Galicia.

*Giseliña* contou co apoio da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e estivo coproducida polo Teatro La Laboral de Xixón e o Centro Párraga de Murcia. Realizou 23 funcións nunha ampla xira con que se presentou en Santiago, Narón, Vigo, Cangas, Pontevedra e Ferrol, ademais de Xixón, Puertollano, Murcia, Badalona, nas cidades marroquís de Rabat e Tetúan e en Amán, Xordania. A xira rematou o 22 de maio de 2009 coa presentación do espectáculo en Tui.

*Giseliña*, de Cisco Aznar, estreouse o 7 de marzo de 2009 no Teatro Rosalía Castro da Coruña



## CISCO AZNAR - DIRECTOR E COREÓGRAFO

Catalán asentado en Suíza, Cisco Aznar é diplomado pola Escola de Arte Dramática e Coreográfica de Barcelona. Ao rematar os seus estudos representou a España no Taller Coreográfico Europeo Maurice Béjart e participou na creación do ballet *Autour de Faust* e *Mister Chaplin* co Béjart Ballet Lausanne. Dende 1993 traballa como bailarín e coreógrafo en Europa e América Latina e colabora, entre outros, con compañías e profesionais como o Teatro do Liceo de Barcelona, Julio Bocca e Anna Maria Stekelmann en Bos Aires, o Grupo Vórtice en Brasil ou Paco Decina, Redha e Philippe Lizon en Suíza. No ano 1998 asume a dirección artística da compañía de Lausanne Buissonnière, para a que crea pezas como *Peter Funk* (1999), *Bochorno* (2000), *Lunatown* (2001), *Lola la Loca* (2003), *Parce que je t'aime* (2004), *Le vilain petit canard* (2006) ou *Blumenkabarett* (2007).

Ademais destes espectáculos coa compañía Buissonnière, é autor tamén de *Adán e Pepa* (1998, Grupo Vórtice), *Sleep, sleep my Sweet Monsters* (2001, École de Rythmique du Conservatoire de Bienne) e da fantástica versión de *Coppélia* que realizou no ano 2006 para o Ballet du Grand Théâtre de Genève.

Profesional de recoñecido prestixio, en 1998 obtivo o Premio ao Mellor Espectáculo no Festival de Danse do Triángulo Mineiro (Brasil) por *Adán e Pepa*, en 2003 foi galardoado co Premio Jeunes Créateurs pour la Danse da Fondation Vaudoise e en 2007 obtivo o contrato de confianza de Lausanne, no Estado de Vaud e Pro Helvetia, para formar parte do equipo do Project Danse. Desenvolve tamén a súa actividade no ámbito pedagóxico: foi profesor de danza clásica e contemporánea e director de diversos obradoiros coreográficos na Académie National d'Art Dramatique et de Cinéma de Sofia, no Conservatorio de Bienne (Suíza) e en diversos espazos de Barcelona e Brasil.





## **GISELIÑA**

*Giseliña* toma como referencia o ballet clásico *Giselle* baixo a mirada orixinal e sorprendente de Cisco Aznar. Xunto a Luis Lara na creación do vestuario, escenografía e máscaras, Andreas Pfiffner na creación do vídeo e Pablo Palacio no espazo sonoro, o coreógrafo catalán bota man dunha estética moi particular, excesiva e grotesca, que evoca as grandes obras do expresionismo alemán. A peza é unha versión totalmente contemporánea, que rompe cos códigos do ballet clásico, na cal se mesturan co movemento outras linguaxes artísticas como a videocreación, o cine ou as artes plásticas.

O resultado é unha montaxe conmovedora que reta o espectador, esixíndolle atención e transportádoo a un mundo cheo de fantasía e referencias artísticas e cinematográficas. Os ideais románticos e a loita entre o amor e a morte están presentes en *Giseliña*, unha proposta de marcado carácter poético e complexidade creativa.

Cisco Aznar constrúe nesta peza un mundo polo cal deambulan as pantomas do pasado cuns movementos cargados de expresividade. Os bailaríns interpretan seres que se moven arredor das grandes paixóns, como son o amor ou a morte nunha atmosfera chea de fantasía que achega o espectador ao ámbito do sobrenatural.



O director pousou os seus ollos sobre o ballet *Giselle ou as willis* creado en 1841 por Adolphe Adam, Théophile Gautier, Jean Coralli e Jules Perrot, no proceso creativo que debullou a base da produción do CCG da tempada 2009, quizais porque a temática da obra coincide con certos códigos da cultura popular galega e a nosa particular relación co mundo dos mortos, quizais porque algúns deses ideais románticos se adaptan plenamente á súa propia visión creativa.

Nesta obra vemos un mundo arbitrado polo seu persoal xeito de subliñar o poder da expresión que posúe o movemento. Porque *Giseliña* é a luz dun laio que se estende polo mar das saudades de todas as willis que non se conforman cunha eternidade estéril.

No devalo das nosas vidas tamén se escoitan os ecos do que non fomos, do que esquecemos que queriamos ser, do que nos obrigamos a non ser. E, como as willis, clamamos ao vento da noite para que a nosa pantasma sexa un faro no caos racionalista que habitamos.

*Giseliña* convértese en movemento a iluminar o pensamento, en raíz dunha árbore que se eleva ata o infinito. Consegue que nos mergullemos nun mundo en que a neve arde e dá vida, en que a dor cesará cando unha brisa roce o sangue dun home que olla cara ao ceo. Nesa abstracta hora inmóbil que detén os recordos dun fillo pegado ao corpo e un fío de tristura lles anuncie ás protagonistas que o desexo se detén e regresa a ferida, e a boca se lles enche de cinza e palabras sen nome.

Cando nunha noite sen fin se enlea nos fíos que aprisionan as sombras e obrigan a renderlle contas ao silencio que se perpetúa nos berros desgarrados da bremanza. Será entón o momento en que preguntar cal é o camiño que deben andar os pés de cadaquén cando a tarde doe e se crava coma un coitelo de xeo no corpo azul da nostalgia.



23 actuacións en 3 meses, 7.083 espectadores



O equipo de *Giseliña*, no saúdo da estrea da peza, o 7 de marzo no Teatro Rosalía de Castro da Coruña

### A XIRA

Cun período de produción que foi do 1 de decembro de 2008 ao 7 de marzo de 2009, data en que se estreou no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, *Giseliña* emprendeu unha xira nos tres meses seguintes. Durante este tempo visitou 10 prazas galegas, 4 no resto do estado español e 3 internacionais.

Cómpre destacar nesta xira a participación na Feria de Teatro de Castilla-La Mancha e, a través do Instituto Cervantes, a programación de *Giseliña* no Teatro Español de Tetuán e na 1ª Bienal de Teatro Internacional de Rabat en Marrocos; así como no prestigioso festival de danza Zakharef in Motion, no cal participou xunto a compañías de gran relevancia internacional como Side Larbi Sherkaoui & Damien Jalet de Bélxica ou City Dance de Washington.

A xira de *Giseliña* pechouse o 22 de maio de 2009 cunha función no Teatro Municipal Área Panorámica de Tui.

7 e 8 de marzo	Teatro Rosalía de Castro [A Coruña]
10 e 11 de marzo	Auditorio de Galicia [Santiago]
13 de marzo	Pazo da Cultura [Narón]
15 de marzo	Centro Cultural Caixanova [Vigo]
21 de marzo	Auditorio Municipal [Cangas]
24 de marzo	Teatro Nacional Mohamed V [Rabat-Marrocos]
26 de marzo	Teatro Español [Tetúan-Marrocos]
1 de abril	Feria de Teatro de Castilla-La Mancha
3 e 4 de abril	Teatro La Laboral [Xixón]
17 e 18 de abril	Centro Párraga [Murcia]
24 de abril	Pazo da Cultura [Pontevedra]
27 de abril	Teatro Al Hussein [Amann-Xordania]
29 e 30 de abril	Teatro Principal [Ourense]
3 de maio	Pazo da Cultura [Carballo]
9 de maio	Teatro Jofre [Ferrol]
16 de maio	Teatro Zorrilla [Badalona]
22 de maio	Teatro Área Panorámica [Tui]



Concepción, coreografía e dirección

Cisco Aznar

Composición musical

Pablo Palacio

Asistente de coreografía

Laure Dupont

Iluminación

Creación colectiva

Escenografía

Luis Lara

Vestuario e máscaras

Luis Lara

Asistentes de vestuario e máscaras

Estefanía Fernández García

José Fernández Lago

Noelia Pose Antelo

Cámara e montaxe de vídeo

Andreas Pfiffner

Banda de son e ambientes

Andreas Pfiffner e Cisco Aznar

Xefatura técnica

Santiago Mañasco

Técnicos en xira

Juan Cobas

Ricardo Barroso

Director en xira

Erick Jiménez

Fotografía

Antonia Peña

Duración

75 minutos

Intérpretes

Noemi Alberganti

Jorge Brea

Katja J. Geiger

Álvaro Esteban

Alba Fernández

Carmela García

Satoko Kojima

Amparo Novás

Ana Beatriz Pérez

Miguel Ángel Ponte

Julio César Quintanilla

Hannah Shakti

Jordi Vilaseca

AGRADECIMENTOS

Concello de Carballo,

Aquarium Finisterrae,

Nacha Alvaredo, Nicolás Mercado,

Ángel Montero, Antón Ferreiro,

Instituto Camões

O equipo de *Giseliña* minutos antes da estrea da peza

## LABORATORIO DE INVESTIGACIÓN DE GISELIÑA

A preocupación pola formación dos profesionais da danza e das artes do movemento en Galicia é un reto constante para o CCG. Ofrecerlles aos coreógrafos novos a oportunidade de traballar con equipos de intérpretes profesionais nun marco de traballo sen presións polo resultado é un xeito fundamental para descubrir o talento e mais a creatividade, onde a composición coreográfica e o movemento adquiren o principal peso da creación. Así xorde o programa *Laboratorio de investigación*, asociado ás producións do Centro Coreográfico.

*Giseliña* sumouse a esta actividade convidando dous novos coreógrafos, Erick Jiménez e Kirenia Martínez, a realizar cadanseu laboratorio de investigación coreográfica cos trece bailaríns da peza e dos cales xurdiron as creacións *La 8* e *Kyra*.

*La 8*, título que fai referencia ao barrio en que medrou o coreógrafo, é o resultado do traballo concibido e dirixido por Erick Jiménez, a través do cal se transforman aspectos cotiás e recordos persoais nunha creación escénica. A peza parte dunha investigación persoal en que o coreógrafo recolle todo aquilo que influíu nel como artista, incidindo no cotián e popular e poñendo en valor estes aspectos dende as experiencias persoais de cada un dos intérpretes, que deixan de ser exclusivamente persoais para adquirir un carácter universal a través da confrontación co outro.

Cabe destacar a participación do grupo de pandeireteiras dirixidas por Belén Mato e pertencentes ao grupo de música e baile tradicional Xacarandaina, que dirixe Henrique Peón.

*La 8*, de Erick Jiménez, nos arredores da Torre de Hércules, no Festival Empape 2009





*Kyra*, de Kirenía Martínez, é unha peza de carácter feminino e autobiográfico que fala de mulleres fortes e apaixonadas, cunha interesante maneira de enfrontar a vida e de gozar dela. Trátase de representar as constantes viaxes existenciais entre o pasado e o presente dunha muller que afonda nas lembranzas e que vive un presente inestable.

Nesta peza realizouse un importante traballo de investigación sobre a naturalidade da palabra e o xesto baseado nos principios básicos da actuación apoiándose nun espazo sonoro rústico e natural.

Os resultados destes laboratorios de investigación amosáronse ao público durante os meses de xuño e xullo de 2009 en diferentes lugares da Coruña e Ferrol.

LABORATORIO DE INVESTIGACIÓN	COREÓGRAFO	ESPAZO	DATA E HORA	ORGANIZA
<i>La 8</i> (Nesta acción contouse coa música en directo do grupo de pandereiteiras de Xacarandaina)	Erick Jiménez	Arredores da Torre de Hércules da Coruña	4/07/09 ás 20.00 h	Festival Empape 09 xestionado por Artestudio (Estefanía Vázquez)
<i>La 8</i> (Nesta acción contouse coa música en directo do grupo de pandereiteiras de Xacarandaina)	Erick Jiménez	Xardíns de Méndez Núñez, fronte ao Kiosco Alfonso da Coruña	26/07/09 ás 19.30 h	CCG e Concellería de Cultura do Concello da Coruña
<i>La 8</i> (Esta acción realizouse cunha gravación do grupo de pandereiteiras de Xacarandaina)	Erick Jiménez	Praza de Amboage de Ferrol	31/07/09 ás 20.30 h	CCG e Concellería de Cultura do Concello de Ferrol
<i>Kyra</i>	Kirenía Martínez	Aula CCG	30/07/09 ás 16.00 h	CCG

Kirenía Martínez dirixiu *Kyra*, unha peza de carácter autobiográfico



## COPRODUCCIÓN

A través do programa de coproducións, o CCG pretende non limitarse a apoiar novas creacións, senón dar un paso máis na suma de esforzos que redunden no desenvolvemento do mundo da danza e outras artes do movemento. Con esta intención ofréceselles ás compañías, ademais de recursos para levar a cabo un espectáculo, unha serie de instrumentos e aprendizaxes que lles sirvan no seu traballo futuro e que lles dean as chaves para desenvolverse nas distintas liñas que interveñen nas artes escénicas.

Na temporada 08-09 o CCG apoiou, a través deste programa, as pezas *Concerto Desconcerto*, da compañía Entremans, e *Ovay*, da Cía. Quique Peón. Estas iniciativas recibiron, xunto cunha dotación económica, un acompañamento do equipo do centro durante o proceso de creación e produción, ademais do deseño dunha achega específica de recursos para o proxecto, segundo as súas necesidades.

As dúas propostas recibiron, así mesmo, asesoramento no eido da comunicación por parte da Agadic e do CCG, e no proceso de produción foi Marta Oliveres, profesional de gran traxectoria no mundo das artes escénicas, quen ofreceu pautas para afrontar a produción dun espectáculo e proporcionou ferramentas tamén para a súa distribución tanto en España coma no estranxeiro. Incidindo no aspecto formativo, as compañías apoiadas a través deste programa realizaron unha serie de actividades formativas encamiñadas a achegar o seu traballo á cidadanía.

Arriba: *Concerto Desconcerto*, de Entremans  
Abaixo: *Ovay*, de Quique Peón





*Concerto Desconcerto*, da compañía Entremans

### **CONCERTO DESCONCERTO**

O CCG apoiou a compañía Entremans na creación de *Concerto Desconcerto*. Cun período de produción de catro meses, a montaxe estreouse o 23 de xaneiro de 2009 no Centro Cívico Cultural de Arteixo.

### **COMPAÑÍA ENTREMANS**

Formada por bailaríns de cumprida experiencia en danza contemporánea, de grandes inquietudes e amplo interese en realizar producións anovadoras no mundo da danza, a compañía Entremans nace en 2005 da man dos cubanos establecidos en Galicia, Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Alexis Fernández e Kirenía Celia Martínez, baixo a produción de Estefanía Vázquez. Nese ano estrean *En la cuenca de tus ojos*, primeira peza da compañía coa cal conseguen o 1º premio do Certame Coreográfico de Burgos-New York (2006) e o 1º premio do Certame de Creación Coreográfica de Galicia (2006).

A compañía segue o seu traballo de busca e creación con pezas como *Hasta que no te lo comas todo*; *Dos sombreros y unos tragos*; *Si quiero*; *A palo seco*; *¿Que pasa aquí?*; *Ven*, de Alexis Fernández e Caterina Varela, peza que consegue o 1º premio, Premio da Crítica e Premio do Público no Certame Coreográfico de Madrid (2008); *El buey solo bien se lame*; *Concerto Desconcerto* (coprodución do Centro Coreográfico Galego), e *A medio metro de lo vivido*, unha das súas últimas pezas coreografada e interpretada por Leodan Rodríguez e Kirenía Martínez.

O traballo de Entremans puido verse en diferentes lugares de España e noutros países como Cuba, Bélxica, Suecia, Alemaña, Brasil, Luxemburgo, Francia e Portugal.



#### Director artístico

Alexis Fernández

#### Asistencia de dirección

Kirenia Martínez

#### Dramaturxia e concepción escénica

Kirenia Martínez e  
Alexis Fernández

#### Creación e interpretación

Alexis Fernández  
Kirenia Martínez  
Armando Martén  
Caterina Varela

#### Asesoramento musical

Mercedes Peón

#### Deseño de luces

Antón Arias

#### Deseño de son

Ezequiel Orol

#### Produción e distribución

Estefanía Vázquez

#### Período de produción

De setembro de 2008 a xaneiro de 2009

#### Estrea

23 de xaneiro de 2009  
no Centro Cívico Cultural de Arteixo

## A PEZA

En *Concerto Desconcerto* a compañía galega investiga o son dos xestos cotiás para crear unha peza en que o espazo sonoro é un eixe fundamental. Para levar a cabo este traballo, onde a música se utiliza como unha pauta na busca do movemento, contou co asesoramento musical de Mercedes Peón.

Esta montaxe xorde dun proceso de investigación arredor dos sons de accións cotiás. A improvisación foi unha ferramenta clave na creación dun espectáculo en que os movementos se tiran da experiencia persoal de cada un dos intérpretes.





## **OVAY**


O CCG apoiou a compañía de Quique Peón na creación de *Ovay*. Cun período de produción de oito meses, a montaxe estreouse o 13 de xuño de 2009 no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Durante o proceso de produción a compañía realizou unha serie de ensaios abertos encamiñados a achegar a danza á cidadanía.

## **CÍA. QUIQUE PEÓN**

Este bailarín de danza tradicional galega centrou a súa actividade profesional na investigación e divulgación do folclore de Galicia. Conta cunha ampla traxectoria e un importante labor como profesor de baile e música tradicional. Formou parte de diversos grupos e na actualidade é o director do grupo de danza tradicional Xacarandaina.

Ten realizado labores de asistente coreográfico con Mercé de Rande no proxecto *Zocas* e en *A Arándara*, proxecto apoiado polo programa *Artistas en residencia* do CCG. Formou parte tamén do elenco da produción do CCG dirixida por Roberto Oliván *Kiosco das almas perdidas*. Henrique Peón ten participado en numerosos festivais e xiras internacionais en países como: Portugal, España, Francia, Inglaterra, Bélxica, Italia, Hungría, Ucraína, Alemaña, Eslovaquia..., e conta con numerosos galardóns polo seu traballo na recuperación e difusión do folclore galego.



#### Dirección

Quique Peón

#### Coreografía

Erick Jiménez  
Quique Peón

#### Dramaturxia

Roberto Magro

#### Textos

Roberto Magro  
Quique Peón  
Pietro Rosa

#### Dirección musical e arranxos

Xosé Lois Romero

#### Músicos

Xosé Lois Romero  
Suso Vaamonde

#### Deseño de iluminación

Baltasar Patiño

#### Deseño de vestuario

Quique Peón  
Cloti Vaello

#### Bailarín e intérprete

Quique Peón

#### Período de produción

De novembro de 2008 a xuño de 2009

#### Estrea

13 de xuño de 2009  
no Salón Teatro de Santiago

### **A PEZA**

*Ovay* explora as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa alma partindo dun repertorio de pezas de música e danza estritamente tradicional, extraído dos arquivos e material de investigación etnográfica de Henrique Peón.

*Ovay* dinlle os canteiros ao ousado que encara o perigo sen vacilar, ao que reclama orgulloso o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino.

As melodías e os movementos distribúense no espectáculo de xeito xeográfico, baseados nos catro puntos cardinais, que son o eixe conceptual da montaxe.



Arquitecturas interiores, de Carolina Fernández

**Artistas en residencia** 7 proxectos apoiados  
**Espazos** Nave da Agadic  
Centro de Arte Torrente Ballester de Ferrol  
Teatro Ensalle de Vigo

## ARTISTAS EN RESIDENCIA

*Artistas en residencia* é un programa da Agadic xestionado polo CCG e o CDG, que ten como finalidade apoiar artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, da danza, do circo e doutras artes do movemento. Tamén se poden beneficiar deste programa artistas que, dende outras disciplinas, traballen con estas artes escénicas como referencia.

A aposta polo enriquecemento que produce o intercambio entre artistas e entre disciplinas artísticas preside a convocatoria e o desenvolvemento de *Artistas en residencia*, de xeito que creadores e investigadores poden servirse dos medios necesarios para experimentar, manifestarse artisticamente ou indagar os novos camiños polos que debe transitar a escena contemporánea do país.

Na temporada 2008-2009 o CCG apoiou un total de sete proxectos, tanto no eido da creación coma da investigación, desenvolvidos en diferentes espazos de Galicia: nave da Agadic en Santiago, Centro Torrente Ballester en Ferrol e Teatro Ensalle de Vigo.

### **Consello asesor das residencias artísticas CCG 09:**

Lipi Hernández –Jaime Conde-Salazar– Roberto Taboada



*Assemblage*, de Laura Lizcano, o 30 de abril de 2009,  
día da súa presentación ao público na nave da Agadic en Santiago

### **ASSEMBLAGE** **de Laura Lizcano (Andalucía)**

Este proxecto nace da ambición de desenvolver un traballo en colaboración entre artistas de diferentes áreas –danza, teatro, música, fotografía, iluminación etc.– coa intención de crear un espectáculo interdisciplinar. O punto de partida son os conceptos de imaxe, palabra e imaxinación. Un lugar e dúas persoas, dúas imaxes físicas, reais. Unha terceira presenza, unha imaxe mental que, a través da palabra, comeza a modificar e a influír na imaxinación das dúas imaxes anteriores. Esa modificación interna exteriorízase a través da transformación da imaxe do propio corpo e a través da creación de espazos imaxinarios.

A peza, dirixida por Guillermo Weickert, foi creada e interpretada por Laura Lizcano, Uxía P. Vaello e Rafaela Salvador. Contou ademais co traballo de Nuno Tavares na creación da imaxe e da fotografía, de Paco Lamato na música, Alfonso Castro na iluminación e Bárbara Castromil no deseño do vestiario. *Assemblage* tivo tamén o apoio en residencia da Associação Vo'Arte de Lisboa, Assas de Palco de Guimaraes e Centro Cultural Antonio Gala de La Rinconada en Sevilla.

**MACHO****de David Loira (Galicia)**

David Loira traballou durante o mes de xuño na nave da Agadic para a creación desta peza, na cal se establece unha relación entre unha temática sobre a identidade sexual e unha temática floral, ata chegar á idea dun corpo masculino en coma.

Rosa Sánchez e Alain Baumann foron os asesores no traballo en escena e tecnoloxía. Toni Mira –Compañía Nats Nus– foi o asesor artístico. O equipo complétase coa actriz e bailarina Fiona B. McCudden, Octavio Más na iluminación, Masako Hattori no vídeo, Xacobo Torres na axudantía técnica e Roberto Fratini na asesoría de dramaturxia. O 18 de xuño realizouse un ensaio aberto e o resultado final do traballo foi presentado o 2 de xullo.

**MAR, FENTO E CEMENTO****de Mercé de Rande (Galicia)**

*Mar, fento e cemento* ten como punto de partido a peza *Fiando o Kaos*, unha creación multidisciplinar que comeza no ano 2006 no Festival Zona Alternativa da Sala Nasa (Santiago de Compostela). Esta proposta trata de reflexionar sobre a necesidade de que unha obra se materialice sempre segundo as mesmas fórmulas de proceso, ensaio e estrea; sobre se é posible estrear unha obra e a continuación comezar un novo proceso de creación, sobre se é posible unha nova forma de relación entre a organización, o artista e o público que permita o desenvolvemento axeitado de certos proxectos artísticos, que debido á súa complexidade ou abundancia de recursos requiren outro tipo de comunicación entre ambos.

**3****de Víctor Zambrana (Andalucía)**

Durante o mes de setembro de 2009 Víctor Zambrana traballou nesta proposta o corpo en relación á luz, ao espazo e ao son, reflexionando sobre o concepto de representación como idea ou imaxe da realidade.

Os artistas xogan co tres como elemento de composición e buscan unha nova concepción do corpo como vehículo intuitivo de comunicación. O número 3 refírese á unidade como concepto; é nesa unidade onde reside o verdadeiro fundamento deste traballo: unificar tres xeitos de entender o corpo que, pola súa vez, son tres xeitos de representalo. Os tres integrantes deste proxecto traballaron cunha idea distinta do corpo: Joaquín Jara, co corpo pictórico, Iliá Mayer, co corpo sónico, e Víctor Zambrana, co corpo escénico.

**ARQUITECTURAS INTERIORES****de Carolina Fernández (Galicia)**

*Arquitecturas interiores* é un colaxe de creacións visuais nun espazo escénico conceptual onde a bailarina/performer tratará de escribir co seu corpo, voz e movemento un discurso íntimo en confrontación cunha realidade exterior. A obra artículase arredor de temas como a desestruturación do pensamento da cidade ou a busca dunha nova metodoloxía de habitar os espazos e de estar no mundo.

O punto de partida desta experiencia son tres videocreacións e unha instalación. Esta primeira parte do traballo presentouse en decembro de 2008 no Festival de Arte e Reciclaxe Drap'art de Barcelona.



### **TRES**

#### **de Rut Balbís (Galicia)**

Este proxecto investiga arredor do tema da muller, a través dos encontros e desencontros de tres mulleres coas súas individualidades e os seus puntos en común. Un mundo por descubrir que se irá abrindo a medida que o proceso avance rescatando historias persoais e outras comúns. Descubrir todas as posibilidades do corpo, todos os seus límites e extremos é o xerme desta proposta.

O xogo con distintas disciplinas como a acrobacia, o movemento máis minimalista, o uso de técnicas de improvisación e de contacto, o xogo escénico, etc. serán claves para comunicarse co público, a través dunha mensaxe final que o espectador descodificará segundo as súas experiencias persoais.

### **YO FUI UN HOMBRE LOBO ADOLESCENTE INVENTANDO HORRORES**

#### **de Guillem Mont de Palol (Cataluña)**

Preséntase este proxecto como un diálogo-conversación-performance onde os performers/bailaríns traballan na creación dun discurso artístico común arredor de temas como a morte, o horror e os monstros. Un diálogo sobre o estado físico, emocional e psicolóxico que se experimenta cando un está asustado. Unha conversa co inconsciente para aprender a escoitar as voces que falan nunha linguaxe distinta, na cal se porá atención aos silencios, ás interrupcións, ás fisuras ou ás equivocacións.

O traballo céntrase na busca de distintas estratexias para representar horror e morte no espazo por medio de diferentes linguaxes e estilos performativos.

De arriba a abaixo: *Macho*, de David Loira;  
*3*, de Víctor Zambrana; *Tres*, de Rut Balbís





## FORMACIÓN

O programa de formación do Centro Coreográfico Galego diríxese aos profesionais da danza e outras artes do movemento así como á cidadanía a través dunha liña de formación para o público e os centros educativos.

A formación para profesionais ten como destinatarios artistas que traballan no campo da danza e outras disciplinas que teñen a danza como referencia (actores, profesionais do circo, etc). Organízase de xeito descentralizado con outras estruturas culturais, co obxectivo de crear unha rede que chegue ao maior número de persoas. Esta formación para profesionais completouse coas clases regulares que se impartiron no Centro Coreográfico Galego de ioga, pilates e clases de danza contemporánea, ás cales se sumaron as clases abertas de danza clásica e contemporánea dos ensaios da produción de *Giseliña*, tentando así ofrecerlles aos intérpretes os recursos necesarios para desenvolverse nos distintos campos das artes do movemento.

A formación para públicos ten como obxectivo situar a danza na vida cotiá das persoas, converténdoa nunha ferramenta para o desenvolvemento integral do individuo. Dentro desta liña de traballo, e en colaboración coa Fundación Luís Seoane e a Asociación NU2's, organizáronse uns talleres participativos de interpretación da videodanza para todos os públicos.

Ademais, en colaboración coa Asociación de Danza Escénica Galega (DANESGA), púxose en marcha un completo programa de accións formativas para públicos vinculadas a *Giseliña* que, coincidindo coa xira, achegou a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía. Con este mesmo obxectivo de traballar

na formación do público, a peza tivo unha preestrea o 6 de marzo no Teatro Rosalía de Castro para centros de educación secundaria e bacharelato.

Doutra banda, o CCG ten en marcha un completo programa pedagóxico dirixido a centros de educación da área metropolitana da Coruña. A través de tres unidades de danza e outras tantas de música este proxecto pretende achegar de forma lúdica estas artes aos máis novos.

A esta oferta hai que sumar as actividades formativas realizadas polos artistas en residencia, os que estiveron en coprodución e durante a produción do CCG.



## FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS

Entre setembro de 2008 e marzo de 2009 organizáronse sete talleres de formación dirixidos a profesionais da danza e doutras disciplinas relacionadas. Diferentes espazos da Coruña e Santiago acolleron diversos cursos de produción, danza contemporánea, técnica e repertorio, workshops... que contaron cun total de 97 asistentes.

### MONTSERRAT PRAT

#### Curso de produción

**Datas** do 8 ao 12 de setembro de 2008

**Espazo** Arteria Noroeste/Sede SGAE (Santiago de Compostela)

**Nº de asistentes** 18

Especialmente dirixido a responsables de produción de proxectos e profesionais das artes escénicas, este curso de produción tivo como obxectivo non só aprender a definir a proposta artística cumprindo un encargo dado, senón a organizarse como empresa, creando unha dirección de proxecto, equipo e responsabilidades, definindo ámbitos, valorando a capacidade de acción e reacción, o risco económico, a busca de socios e de colaboradores puntuais.

**GUSTAVO RAMÍREZ****Obradoiro de danza contemporánea****Datas** do 15 ao 19 e do 22 ao 26 de setembro de 2008**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Nº de asistentes** 5

Profesionais de danza e estudantes de nivel medio-alto foron os destinatarios deste obradoiro de danza contemporánea impartido por Gustavo Ramírez, que incidiu no traballo técnico de base, a práctica de repertorio e a creación ou composición.

A primeira parte foi unha clase técnica con que afondar e potenciar a versatilidade do movemento do alumno e asimilar o corpo como instrumento de creación artística, atopando a propia personalidade.

Na segunda parte traballouse o repertorio, interpretando diferentes fragmentos coreográficos, asimilando a linguaxe específica da peza interpretada, afondando e potenciando a versatilidade do movemento do alumno.

**DAVID ZAMBRANO****Obradoiro de danza contemporánea *Flying Low*****Datas** do 6 ao 10 e do 13 ao 17 de outubro de 2008**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Nº de asistentes** 18

*Flying Low* centrouse principalmente na relación do bailarín co chan.

David Zambrano utilizou patróns de movemento sinxelos que exercitan a respiración, a velocidade e a liberación de enerxía a través do corpo para conseguir activar a relación entre o centro e as articulacións, desprazándose cara a dentro e cara a fóra dende o chan coa maior eficacia ao manter unha posición centrada. Hai unha focalización na estrutura do esqueleto que axuda os bailaríns a mellorar a percepción física e a estar alerta. A clase constou de traballo en parellas e frases de movemento, que exploraron as leis fundamentais da física: cohesión e expansión.

**PETER MICHAEL DIETZ****Obradoiro *O corpo dinámico*****Datas** do 15 ao 19 de decembro de 2008**Espazo** Espacio Aberto. Santiago de Compostela**Nº de asistentes** 12

Este workshop pretende enfocar dende o chan as conexións verticais. Tendo como base a fisicalidade, traballáronse as articulacións, músculos, tecidos, fluídos corporais, establecendo relacións co espazo, o *timing* dos movementos e clarificando as direccións do corpo, activando o corpo e a mente, a través da nosa presenza e vontade de continuar.

Xogaron co erro, aceptando o resultado dun aquí e un agora, inserido nun tempo e nun espazo. Estiveron a traballar coa técnica *Hands on* para ter unha mellor noción de nós en relación a outros corpos.

**ANDRÉ BRAGA****Obradoiro *Workshop de danza*****Datas** do 19 ao 22 de xaneiro de 2009**Espazo** Universidade de Santiago de Compostela**Nº de asistentes** 13

En xaneiro de 2009 desenvolveuse este obradoiro dirixido a estudantes e profesionais da danza, do circo e das artes do movemento.

Ao comezo da danza temos un tema, un universo de poemas e de imaxes.

Despois, ao longo do proceso creativo, imponse a materia, o obxecto: unha cadeira, unha chaqueta. O obxecto ten un modo particular de abordalo, igual que o corpo. O corpo que danza e presenta múltiples cuestións. O corpo: centro, raíces, extremidades e puntos de fuga. O corpo do outro, o corpo como obxecto. O obxecto como corpo. A gravidade e a súa ausencia. As memorias do corpo. As memorias do obxecto. Xuntamos o espazo de representación e seguimos... o espazo como obxecto. O obxecto fai o espazo. O equilibrio do espazo...

Traballando sobre a exploración, a improvisación e a composición de movemento, procúrase sistematizar un posible método de desenvolvemento da creación artística.

**ESTHER EIRAS****Danza Graham. Técnica e repertorio****Datas** 7 e 8 de febreiro de 2009**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Nº de asistentes** 19

Neste curso traballáronse fisicamente os fundamentos da técnica Graham: contracción e release do tronco, espirais, caídas, desprazamentos do centro do corpo, mediante rutinas de exercicios clásicos da técnica como a rotación en cuarta posición, extensión da perna, exercicio en seis, contraccións laterais, caída en 10 tempos, etc. O traballo técnico realizouse no chan, no centro, en combinacións, caídas e diagonais coreográficas.

Este curso completouse coa aprendizaxe dunha coreografía de Martha Graham e co estudo da composición e estrutura da obra.

**CLAUDIA FACI****Obradoiro Os lugares do corpo****Datas** do 16 ao 20 de marzo de 2009**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Nº de asistentes** 12

Con este obradoiro pretendeuse ofrecerlles aos alumnos ferramentas de traballo que lles permitan participar da creación contemporánea. Estruturouse arredor de dúas liñas de traballo:

Unha enfocada á creación, na cal se explicaba a danza como feito teatral, a significación dos códigos, a creación contemporánea, a práctica e as distintas economías que comporta un feito teatral.

A outra estivo dedicada a traballar sobre o instrumento tomando conciencia do personaxe, coñecendo as posibilidades expresivas e físicas do propio corpo, observando e coñecendo os propios recursos como intérprete para desenvolver as ferramentas propias.



## Obradoiros para profesionais

OBRADOIRO	IMPARTE	DATAS	ESPAZO
Curso de produción	Montserrat Prat	Do 8 ao 12 de setembro 2008	Arteria Noroeste/ Sede SGAE. Santiago de Compostela
Curso de danza contemporánea	Gustavo Ramírez	Do 15 ao 19 e do 22 ao 26 de setembro de 2008	CCG
Curso de danza contemporánea <i>Flying Low</i>	David Zambrano	Do 6 ao 10 e do 13 ao 17 de outubro de 2008	CCG
O corpo dinámico	Peter Michael Dietz	Do 15 ao 19 de decembro de 2008	Espacio Aberto. Santiago de Compostela
Workshop de danza	André Braga	Do 19 ao 22 de xaneiro de 2009	Universidade de Santiago de Compostela
Danza Graham. Técnica e repertorio	Esther Eiras	Do 7 e 8 de febreiro de 2009	CCG
Os lugares do corpo	Claudia Faci	Do 16 ao 20 de marzo de 2009	CCG

**Nº de asistentes**  
97

## CLASES REGULARES

Coas clases regulares organizadas polo CCG proporciónaselles aos bailaríns e aos profesionais doutras artes do movemento un adestramento diario, ofrecendo non só a disciplina do traballo diario, senón a oportunidade de atoparse con intérpretes doutros ámbitos artísticos e poder intercambiar con eles formas de traballar.

## IOGA

**Profesor** Erick P. Jiménez Vindas

**Datas** de outubro de 2008 ata xuño de 2009

**Horario** das 19.00 h ás 20.30 h

**Lugar** Centro Coreográfico Galego

**Participantes** estudantes e profesionais da danza e doutras artes do movemento

O ioga é unha técnica que traballa o corpo, a mente e o espírito; unha disciplina integral a través da cal acadar o equilibrio. É unha ferramenta esencial para bailaríns e outros profesionais das artes do movemento, coa cal tomar conciencia e control do propio corpo, e coa cal despertar a conexión entre este e a mente. O ioga é unha práctica cada vez máis empregada como adestramento polos bailaríns, porque lles permite levar a cabo un movemento consciente e acadar o equilibrio necesario entre forza e flexibilidade.

**PILATES**

**Profesora** Ana Duro Fernández


**Datas** de marzo de 2008 ata xuño de 2009

**Horario** das 17.30 h ás 19.00 h

**Espazo** Centro Coreográfico Galego

**Participantes** estudantes e profesionais da danza e doutras artes do movemento

Co método Stott Pilates desenvólvese un programa específico de traballo corpo-mente, encamiñado a conseguir, a nivel físico, flexibilidade, forza, resistencia e potencia da zona abdomino-lumbar e erectores da columna, e a nivel mental, relaxación, propiocepción e un control corpo-mente. É unha técnica para acadar unha maior eficacia no movemento, a mellora do equilibrio e a coordinación, e que axuda a aliviar o estrés, previr as lesións e reeducar a postura.



**IVÁN MARCOS – DENTRO E FÓRA****Profesor** Iván Marcos**Datas** xoves de novembro de 2008**Horario** das 19.30 h ás 21.00 h**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Participantes** estudantes e profesionais da danza e doutras artes do movemento

Esta clase afondou nos principios fundamentais do Tai-Chi ou Daoyin, e outras disciplinas de meditación en movemento, e investigou dun xeito práctico as posibilidades que nos proporcionan de cara á reformulación do noso corpo escénico así como para a creación e composición de movemento.

Dende a respiración, a consciencia corporal e a eficiencia motora, executáronse patróns de movemento tomados destes métodos ata acadar unha profunda automatización que contribúa á comprensión do que acontece por dentro durante a reprodución destas técnicas. Estas realizacións foron tomadas como punto de partida de cara á improvisación, dando lugar a unha danza extremadamente persoal e íntima.

Esta clase pretendeu crear unha base para a reeducación do corpo e da mente, buscando ampliar a nosa consciencia sobre os nosos hábitos e patróns de movemento, de pensamento e de creación. Deste xeito, o participante foi animado a examinar a súa práctica psicomotriz fóra da aula dende a perspectiva acadada dentro dela.

**CLASES DE DANZA CONTEMPORÁNEA****Profesora** Ana Beatriz Pérez**Datas** martes de novembro do 2008 (excepto o día 18)**Horario** das 19.30 h ás 21.00 h**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Participantes** estudantes e profesionais da danza e doutras artes do movemento

Nas clases traballouse en función do corpo integral, potenciando o traballo físico, partindo do noso centro como foco enerxético e ferramenta para o desenvolvemento do movemento e a súa proxección no espazo.

Traballo de chan, móbiles de movemento e improvisación con pautas para a creación de pequenas frases coreográficas.

**CLASES ABERTAS DE DANZA CLÁSICA DE GISELIÑA****Profesor** Luciano Gómez**Datas** luns e mércores de xaneiro e febreiro de 2009**Horario** das 9.30 h ás 10.45 h**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Participantes** estudantes e profesionais da danza de nivel medio-alto**CLASES ABERTAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA DE GISELIÑA****Profesor** Erick P. Jiménez Vindas**Datas** martes e xoves de xaneiro e febreiro de 2009**Horario** das 9.30 h ás 10.45 h**Espazo** Centro Coreográfico Galego**Participantes** estudantes e profesionais da danza de nivel medio-alto





## FORMACIÓN PARA PÚBLICOS

As actividades realizadas dentro do programa de formación para públicos tiveron como obxectivo situar a danza na vida cotiá das persoas, converténdoa nunha ferramenta para o desenvolvemento integral do individuo. Dentro desta liña de traballo, e en colaboración coa Fundación Luís Seoane e a Asociación NU2's, do 21 ao 24 de abril de 2009 organizáronse uns obradoiros participativos de interpretación da videodanza para todos os públicos.

### **NURIA FONT**

#### **Sesión de videodanza**

**Data** do 21 ao 24 de abril de 2009

**Espazo** Fundación Luís Seoane da Coruña

Esta sesión de visionado de videodanza estivo pensada para achegar a danza a todos os públicos, fomentando o coñecemento das novas disciplinas e linguaxes de expresión contemporáneas da danza e da creación audiovisual, sempre dende unha perspectiva de creación contemporánea.

A súa fórmula dinámica, participativa e cun compoñente de improvisación axudou a comprender outras formas de pensamento. Un dos obxectivos foi o de desvincular a mirada dalgúns códigos sociais preestablecidos para poder ver máis aló empregando o coñecemento interior de xeito crítico. Neste obradoiro non só se analizaron as imaxes senón o seu contexto social, as súas vinculacións históricas, a temática, a estrutura do vídeo, etc. Tamén se contextualizuo a creación dentro da súa xeración facendo referencia ás creacións contemporáneas que o acompañan.

O obradoiro combina a teoría coa práctica de xeito simultáneo, de maneira que se poidan comentar os vídeos de forma espontánea durante a súa emisión sen chegar a romper o ritmo da proxección.

#### Sesións de videodanza na Fundación Luís Seoane

DATA	HORA	COLEXIO	CURSO	IDADE	Nº ASISTENTES
21 abril 09	Das 10.00 h ás 11.15 h	CEIP Isaac Díaz Pardo	6º A E. Primaria	11-12 anos	25
21 abril 09	Das 11.30 h ás 12.45 h	CEIP Isaac Díaz Pardo	6º B E. Primaria	11-12 anos	25
22 abril 09	Das 11.30 h ás 13.30 h	CEIP Graxal II	5º E. Primaria	10-11 anos	24
23 abril 09	Das 9.15 h ás 11.15 h	CEIP Sal Lence	3º E. Primaria	8-9 anos	22
23 abril 09	Das 12.30 h ás 14.00 h	IES Fernando Wirtz Suárez	1º Bacharelato e 4º ESO	15-17 anos	16
23 abril 09	Das 18.00 h ás 19.30 h	Sesión públicos con Nuria Font			17
24 abril 09	Das 09.15 h ás 11.15 h	CEIP Sal Lence	6º E. Primaria	11-12 anos	16
24 abril 09	Das 11.30 h ás 13.30 h	CPR Montegrande	4º E. Primaria	9-10 anos	25
24 abril 09	Das 17.30 h ás 19.00 h	Conservatorio de Danza de Lugo		A partir de 12 anos	30
24 abril 09	Das 20.30 h ás 22.00 h	Proxección públicos sen Nuria Font			1


**Nº de asistentes  
201**

#### ACCIÓNS FORMATIVAS VINCULADAS A GISELIÑA

As accións formativas para públicos vinculadas á produción do CCG fixéronse en colaboración coa Asociación Profesional de Danza Escénica Galega (DANESGA), que deseñou unha serie de obradoiros de formación gratuítos en paralelo á xira de *Giseliña*, achegando a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía. A entidade xestora destas accións formativas estivo a cargo de ARTESTUDIO, baixo a dirección de Estefanía Vázquez.

O CCG e DANESGA uniron esforzos e intencións na campaña deseñada para público e concretada en forma de obradoiros de danza. Estes obradoiros realizáronse por diferentes lugares de Galicia e tiveron como principais centros de actuación os institutos de educación secundaria, centros socio culturais e escolas de teatro, danza e música. Os obradoiros tiveron unha duración de 2 horas en todos os centros, excepto nos IES, que eran de 50 minutos. As coreógrafas e bailarinas Estela Lloves e Rut Balbís foron as profesionais encargadas de impartir estas accións formativas.

Ámbito de acción: 9 concellos.



## Accións formativas por concellos

CONCELLO	Nº DE ACCIÓN	IDADE MEDIA	Nº PARTICIPANTES
A Coruña	18	17	335
Santiago	6	25	30
Narón	6	20	54
Vigo	2	40	15
Cangas	9	20	175
Pontevedra	4	23	62
Ourense	7	25	72
Ferrol	4	15	26
Tui	1	15-65	12

**Total participantes**  
**781**



## A CORUÑA

Funcións 7 e 8 de marzo de 2009

## Datos e espazo

26 FEB. 09	27 FEB. 09	2 MAR. 09	3 MAR. 09	4 MAR. 09	5 MAR. 09
IES Monelos	IES Menéndez Pidal	IES Adormideras	IES Adormideras	IES Adormideras	IES Agra do Orzán
